

ROSALÍA



OTERO PEDRAYO / VIDAL BOLAÑO

IES Sofía Casanova

Rosalía de Castro: 150 anos *Cantares Gallegos*.

Roberto Vidal Bolaño: Letras Galegas 2013.


ROSALÍA



Rosalía de Castro



Otero Pedrayo



Vidal Bolaño

ÍNDICE:

1.- *Rosalía*. Lectura dramatizada.

Texto orixinal de Ramón Otero Pedrayo (1959).

Adaptación do texto de Otero: Roberto Vidal Bolaño (2001).

Adaptación do texto de Vidal Bolaño: IES Sofía Casanova (2013).

2.- Teatro: literatura e espectáculo.

3.- Poemas de Rosalía de Castro: recitado.

PARTES:



Primavera:
1837-1854



Verán:
1854-1858



Outono:
1868-1871



Inverno: 1885

- I Un recén na inclusa (1837).
 - II Rosalía na casa grande de Arretén (antes de 1850).
 - III Rosalía ás portas de Compostela (1850).
 - IV Un día calquera en Compostela (1850-54).
 - V Compostela, *Rosmunda* (1854).
 - VI Rosalía en Madrid (1857).
 - VII Madrid, un ano despois (1858).
 - 1863: *Cantares Gallegos*.
 - VIII 10 anos despois: Rosalía polos camiños de Castela.
 - IX De novo en Galicia (1871).
 - 1880: *Follas Novas*.
 - X Pano (1885).
-

PRIMAVERA

1837-1854



Ovidio Murguía de Castro: *Primavera*.

I

1837

Un recién na inclusa.

Santiago de Compostela, Hospital Real

PERSONAXES:


Unha vella.
Dúas enfermas do hospital.
Doutor Varela de Montes.
Un crego.
Sra. María.



Ovidio Murguía de Castro de Castro: *Retrato de bebé*.

PATIO DO HOSPITAL REAL, PRAZA DO OBRADOIRO, SANTIAGO

24 de febreiro, 1837



Mentres ergue o pano ou medra a luz, chega o ecoar dunha cantiga soidosa.

*Nasín cando as prantas nasen,
no mes das froles nasín,
nunha alborada mainiña,
nunha alborada de abril.
Por eso me chaman Rosa,
mais a do triste sorrir,
con espiñas para todos,
sin ningunha para ti.*

Compostela. Un momento de dor nos patios do Hospital Real. O chover resoa nas pedras e trae relembrós que se alongan nas cinzas e nos soños. Toda Galicia no devalar daquel chover. Unha vella adiantándose soidosa. Ven unha interna con ela.

A VELLA

Que non é unha noite calquera, nin para min, nin para ninguén. É unha nova noite de Nadal!... Baixa para todos do ceo unha meniña feita de rosas.


ENFERMA 1

Non é de rosas do que están feitas as meniñas todas?

A VELLA

Pero ela é unha cousa nova! Dende esta hora van ser outras a dor e a alegría...
Escoita!

O chamadoiro da grande porta ecoa longamente na noite. Ninguén se move.



Os que chaman son dúas persoas: un home embrullado nun capelo, co farol de óleo na man, e un cabaleiro feble, envolveito nun tabardo, levando acariñado contra o peito o mellor tesouro que polo amor e a desventuranza se puidese confiar ao corazón dun home... O cabaleiro é o doutor Varela de Montes.

ENFERMA 2

Quen vai?

DR. VARELA DE MONTES¹

O doutor Varela de Montes! Traio un recén
para a inclusa.

ENFERMA 2

Déixema coller, doutor!

ENFERMA 1

Amodo! Non a despertes.

ENFERMA 2

Que divino quentor desprenden os corpiños dos recéns!

ENFERMA 1

Miña pobre...

ENFERMA 2

Ben máis pobre do que moitas das nacidas aquí...

DR. VARELA DE MONTES

Mal que vos pese. Queda naquela casa unha grande dor.

ENFERMA 1

Non ha rir a aldea, non señor.

ENFERMA 2

Nin ha ser para as xentes da Mahía, e de Padrón, pouca risa o saberen aldraxadas así
as paredes de semellante pazo... [do pazo de Arretén].

ENFERMA 1

O medo pode moito. E o latricar teimudo das beatas, moito máis.



¹Dr. Varela de Montes.- <http://www.elcorreogallego.es/opinion/firmas/ecg/medicos-rosalia/idEdicion-2012-06-10/idNoticia-750411/>

ENFERMA 2

Pobriña nai a chorar...

ENFERMA 1

Está aquí o crego... Cando menos, que a bautice.

CREGO

Quen son os padriños?

TODOS

Nós!

CREGO

E cal é o nome que queredes darlle?

TODOS

Rosalía!

Cúmprese o rito e o Sacramento do Bautismo. O peito dunha muller do pobo acolle o salouco da nova cistiá.

Ovidio Murguía de Castro:

Retrato de muller.

A SEÑORA MARÍA

Miña pobre! Pero ti sabes a onde vés?

ENFERMA 1

E que ha saber?

A SEÑORA MARÍA

Nin queiras, miña nena, nin queiras.

Bota unha cantiga.

Has de cantar



*que che hei de dar zonchos
has de cantar
que che hei de dar moitos.*

Estouran as badaladas da alba. O doutor Varela de Montes volve coller a recén no colo.

DR. VARELA DE MONTES

Oíches esas campás? Anuncian a alba. A súa voz vén de moi lonxe e de moi fondo.
Por que será que este mencer de febreiro trae nos seus acentos unha alegría
mesturada de dor?

Canta a Sra. María.

*Así mo pediron
na beira do mar
ao pé das ondiñas
que veñen e van.*

II

1850

Rosalía na Casa Grande de Arretén



Rosalía de Castro, por Alexandra Murguía de Castro.

PERSONAXES:

Rosalía (12 anos).
Sombras.
Álvaro Anido.
Sra. María.
Tres mozas.
Dna. Teresa Castro e Abadía (nai de Rosalía).
O arcipreste.
Un crego noviño.
Peregrino.
Tolo.

XARDÍN DA CASA GRANDE DE ARRETÉN

Antes de 1850 (Rosalía terá 12 anos)

Rosalía, xa moza, sae de entre as sombras lendo nun libro.



UNHA SOMBRA

Velaí ben. Aínda é unha nena e xa esa fonda sombra reflectida nos ollos.

OUTRA

É polo da súa nai! Pobre muller!

UNHA SOMBRA

E pobre filla!

UNHA SOMBRA

Que les, Rosalía?

ROSALÍA

Son uns versos italianos (*lendo en voz alta*):

Melanconia,

ninfa gentile.

La vita mia

consegno a te...

Senta e segue a ler para si.

Entra polo xardín un home, un fidalgo²: é Álvaro Anido. Vai vestido como señorito cazador. Decátase de ser admirado: está afeito. Quizais quere dicir unhas palabras finas, pero só fai renxer os seus grosos zapatóns.

ÁLVARO ANIDO

Señorita, sinto chegar tan a deshora... pero fun vixiar uns nosos lugares, abaixo, no val... e pillei unhas nenas enlarafuzadas roubando a frouma dun piñeiral. A xente xa non ten respecto... (Ri facendo restalar a fusta no ar) Pero levaron o seu as condenadas!



Ovidio Murguía de Castro: *Estudo sobre un cabaleiro*.

ROSALÍA

Pobriñas... Roubar as agullas dos piñeiros... Estarían famentas... Hai fame no val...

² “O fidalgo”, Otero Pedrayo, recrea a vida nos pazos e en Compostela entre os anos 1835 e 1900: o protagonista sería contemporáneo de Rosalía (1837-1885).

Máis datos sobre este tema poden encontrarse en *Os camiños da vida* (Otero Pedrayo) e *Os pazos de Ulloa* (Emilia Pardo Bazán). Unha versión máis “amable” aparece en *La casa de la Troya*, de Pérez Lugín (fillo de Carmen Lugín de Castro, tía de Rosalía; na súa casa residiu durante a súa estadía en Madrid).

ÁLVARO ANIDO

Teño présa... E quixera falar coa súa señora nai...

ROSALÍA

Miña nai está na sala... (*El vai. Cando se perde ao lonxe*)

Álvaro, Álvaro... Nunca has cambiar?... Que noxo! Pegar dacabalo a unhas
nenas famentas...³

Naceu lonxe unha cántiga que non sabe onde pousar.

*Adiós ríos, adiós fontes,
adiós regatos pequenos
adiós vista dos meus ollos⁴*

...

ROSALÍA

Esa cántiga é tan desgraciada coma min... Vai nela toda a tristura e pesadume
do mundo.

*Quen a canta é a Sra. María, que chega espallando aire de prudencia e desconfianza.
Pensa que o cabaleiro vén de estar con Rosalía.*

SRA. MARÍA

As rapazas de hoxe! Sempre facendo por estar na boca da xente! Non estarías mellor
labrando uns encaixes ou aprendendo un pouco de cociña?

ROSALÍA

Pero, Sra. María, por que me fala así...?

SRA. MARÍA

³ “Apresa, Álvaro de Anido”, *Follas Novas*.

⁴ “Adiós ríos, adiós fontes...”, *Cantares Gallegos*. Amancio Prada:
<https://www.youtube.com/watch?v=htcjImv3zCA> ou <https://www.youtube.com/watch?v=X1Ov9Jryiw0>

Porque non quero que te fagas ilusións, miña xoia! Don Álvaro non é bocado para ti...

ROSALÍA

Nin eu quero que o sexa.

SRA. MARÍA

Nin el... nin outro... Xa vai sendo tempo de saber... se non o sabes...

Chegan xentes. Un grupo de mozas cargan herba verde.

A MOZA BURLEIRA

Aí queda a enmeigada.

A MOZA BRAVA

A vergoña da boa xente.

A MOZA DOS CABELOS FROUMENTOS

Non vos metades con ela.

SRA. MARÍA

Ei, veña! Seguíde o voso camiño.

O mocerío foxe. Só a moza dos cabelos froumentos, cheirando a resina e a fame, vai dar unha aperta enteira, case desesperada, a Rosalía.

A MOZA DOS CABELOS FROUMENTOS

Vas ir a Iria? Hai festa...

Resoa a voz da nai en todo o xardín, rexa, cun latexar de cordas dolorosas.

A NAI

Non vai a ningures! Rosalía, filla... ven logo... que preciso de ti...

Rosalía voa cabo da súa nai.

ROSALÍA

Por que non son como as outras? Por que, ao pasar, todos rin de min? Son fea, ou rara?

A NAI

É mellor que non preguntes...

ROSALÍA

Todos están contra min, e contra ti... Debiamos fuxir, as dúas... Hai barcos para as Américas...

A NAI

Entra na casa, ameaza chuvia.

ROSALÍA

Non, irei dar un paseo.

A NAI

Rosalía!

Rosalía bota a andar polo xardín, e pérdese entre as sombras.

ARREDORES DA CASA GRANDE DE ARRETÉN



Chegan dous cregos en mula: un arcipreste e máis un crego novo. O arcipreste fita a rapaza, que se fai a un lado.

O ARCIPRESTE

Onde irá esta? Soa polos camiños.

O CREGO

Buscando o pecado, de seguro.

O ARCIPRESTE

É... a nova fidalguiña do Pazo de Arretén... Non caio no nome!

O CREGO

E aínda fachendea altaneiro o pazo. Habería que botalo ao chan...

O ARCIPRESTE

Nena ou... señorita, bos días.

ROSALÍA

Bos días, padre.

O ARCIPRESTE

Que milagre soa a esta hora? Xa que nos atopamos, imos falar un anaquiño. Hai cousas proveitosas que só sabemos os vellos impostos en autoridade por permisión divina.

Procura unha boa pedra para sentar e fai co dedo o sinal a Rosalía de que sente de par del. O creguiño novo, máis de lonxe, non perde chisco da latricada.



O ARCIPRESTE

Xa non es unha nena e debes agradecerlle a Deus, á santiña do teu nome, e aos teus bos parentes, o non andar á esmola polas portas... Pero teño que pararche o xenio, ao atoparte nesta hora e soa... Tiñas que te envergoñar. Abondo lixastes xa túa nai e ti a limpa historia dunha casa das máis fidalgas...

ROSALÍA

Non siga, padre... Atrás dunhas palabras veñen outras... e mesmo poida que saian nomes...

O ARCIPRESTE

Ben se coñece de onde vés e polos tortos camiños polos que andas...

O CREGO

Gandaina! Mala pécora! Só es merecente dunha boa malla de paos e de andar ao pan e á auga dos pobres!

Séntese unha risada. O tolo, aínda case un neno, coa testa ensilveirada, espaventa os cregos a berros. Leva coroa e colar feitos de flores e ao rir pecha os ollos.

ROSALÍA

Téñenche medo! Meu inocente, meu anxo!

Dálle un abrazo e bícao na fronte. Os ollos de tolo deixan traslucir ensoares de paz e alegría, fuxidíos...

ROSALÍA

Ti es o único que non me desprezas...

UNHA VOZ

O único, non!

Xorde un vello alto, de altas barbas, envolvemento en vella capa ou manto: é un peregrino de Santiago.

ROSALÍA

Meu señor, é vostede un peregrino, verdade? Cando o miro, penso e matino nas invernías longas, nas noites de neve, nas encostas... e non podo deixar de preguntarme... Os que tanto camiño andan, ou moito deixan atrás ou moito procuran lonxe...

O PEREGRINO

Unha cousa e mais a outra.

ROSALÍA

De onde queira que sexa, bo home, saiba que non atopará unha terra máis fermosa...

O PEREGRINO

Nin unha mociña máis triste...

ROSALÍA

Nin unha que leve máis présa... Teño medo por miña nai... A pobriña hame andar procurando polo xardín...

O PEREGRINO

Viñades aquí? A este pazo? Á Casa Grande de Arretén? A este cárcere con aires de señorío? Eu non entraría... Non quixera sufrir as friaxes das súas escaleiras, nin as miradas dos retratos do salón ou o cheiro a morto do arquivo... Fuxiría.

ROSALÍA

Nesa cadea está prisioneira miña nai.

O PEREGRINO

Ben sei... E no xardín a auga e as rosas están prisioneiras tamén. Vai e libéraas.

ROSALÍA

E serei quen?

O tolo achégase a ela e, con grande esforzo, co esforzo que tería que facer quen non falara nunca, dille aos ollos...

O TOLO

Tes que o ser!

Rosalía peta coa aldraba espertando ecos e rabias de cans, criadas e familiares, chega xunta á nai, aprétase a ela saloucando e berra.

ROSALÍA

Ímonos de aquí, miña nai! A noite non se pechará sobre nós nestes muros...

A NAI

Sobre min, si!

Sae soa de alí. Co solpor, no pasmo e aldraxado sono das xentes e os espíritos da casa todos, ergue baril a voz da fonte e medra o recender das rosas⁵.

⁵ Son fonte? Olor rosas?

III

1850

Rosalía ás portas de Compostela



PERSONAXES:

Rosalía (13 anos).

Sra. María.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

1850, Rosalía ten 13 anos

Compostela, serán de outono. Entre o devalar da chuvia, un lampo de luz que non sabe onde acougar. Rosalía, elegante, triste, acompañada da Sra. María, chega ás portas de Compostela.

ROSALÍA

Eu procurei esta hora, e miña é, pero ás veces, no espello, teño medo do lume destes ollos.

SEÑORA MARÍA


E fas ben téndoo. Xa non son os daquela pobre nena. Nin teñen diante as gándaras polas que galopa aínda o rudo Álvaro Anido. Isto é Compostela.

ROSALÍA

E Compostela son Aguirre, Pondal, Murguía e esoutros amigos de lonxe, os achegados a través doutras linguas, Heine, Zorrilla, Byron... Quen son eu en comparanza?

Rosalía pensa neles: forman a mocidade das aulas. Vainos mirando decorrer no horizonte do seu ensoñar. Aurelio, miúdo e desdeñoso. Pondal, estraño, forte e rústico, quizais un fachendoso fidalgo. Murguía, miúdo e rexo.





Aurelio Aguirre



Eduardo Pondal

ROSALÍA

Son tan boa xente... Aurelio deixa tras si un murmurio de admiracións e de silencios. É unha admiración tinxida de mágoa, coma se ventasen que o poeta non é de hoxe... De Murguía dáme medo a súa forza, que se esconde en cativo corpo. Pondal bota ás veces unhas gargalladas... Sospeito que para el non hai mulleres: hai ninfas ou deusas.

Unha néboa encobre toda Compostela.

A SRA. MARÍA

Aconséllolle recollerse, señorita.

ROSALÍA

⁶ http://gl.wikipedia.org/wiki/Manuel_Murgu%C3%ADa
http://gl.wikipedia.org/wiki/Aurelio_Aguirre
http://gl.wikipedia.org/wiki/Eduardo_Pondal

E así o farei, miña amiga. Entro polas túas portas, Compostela, por primeira vez nos meus días, e non me gustas.

A SRA. MARÍA

Xa estiveches antes. Cando nena, na incluso. Naciches aquí, ou xa o esqueciches?

ROSALÍA

Non é o mesmo.

E sorrindo, coas bágoas quentes, aprétanse a unha á outra e pérdense na cidade e na noite.

IV

Un día calquera en Compostela (1850-1854).



PERSONAXES:

Rosalía (16 anos).

Sra. María.

Dna. Leonor.

Adela.

Sofía.

Álvaro Anido.

Un día entre 1850 e 1854 (entre os 13 e os 17 anos)

Mañá de doce chover. Ledo ambiente aldeán e fidalgo nas rúas de Copmpostela. Rosalía, moi composta, vai coa señora María a unha visita. Rosalía cre descubrir a figura de Álvaro Anido, entre a xente.



7

ROSALÍA

Mira! Non é aquel don Álvaro Anido?

SEÑORA MARÍA

Que ha de ser! Ese brután, de estar en Compostela, desta hora estaría aínda durmindo.

⁷ Ilustración de Cristina Figueroa para *La casa de la Troya* (1915). Edición ilustrada en Camiño do Faro:
<http://www.lacasadelatroya.com/>

Chegan a casa de moito señorío. Hai outras mociñas de fina crianza: Leonor, Adela, Sofía. Xa as coñece Rosalía.



8

A SEÑORA DA CASA

Ven, chega cabo de min. Santiago figúraseche triste, verdade? Xa irás caendo no seu engado. Eu tamén gusto moito do campo. Se vises que xardín teño na Ulla! Has vir comigo... no bo tempo... no maio...

ROSALÍA

Con infindo pracer, miña señora. Mais, non podería ser no outono? No outono, os bosques fondos...

LEONOR

Tiñas que ser outoniza... Con eses mozos “románticos” por amigos... Capas tristes, gudedellas...

ADELA

Non profanes! “Si son la flor melancólica de la juventud!”

SOFÍA

⁸ Imaxe de *Los pazos de Ulloa* (serie rtve).

Pois pobre mocidade.

Séntense pasos rexos e entra Álvaro Anido espallando admiracións.

A SEÑORA DA CASA

Débese atopar ben a gusto nestas horas de cidade, o noso mozo amigo, despois de tanto cabalgar polos camiños...

ÁLVARO ANIDO

Non pense, señora. Estou afeito a outro sol nos balcóns. E logo, este falar... este presumir de... de ter unhas letras... Tárdame volver ás parroquias da miña casa... (*Mira para Rosalía*). Por certo, falando daqueles vales, Rosalía... Hai ben poucos días, cruzando eu dacabalo, vin de lonxe á súa pobre nai...

Rosalía ergue e sae de alí seguida pola Sra. María. A señora, as mociñas de fina crianza e don Álvaro Anido, vaporan e confúndense coas demais sombras, que rin xuntas.

A SRA. MARÍA

Ai, miña señoriña! Véxolle coma se fora cristal o fondo do peito. Quere entrar na igrexa, en Salomé?



ROSALÍA

Non.

SEÑORA MARÍA

Mellor! Veña, fuxamos destas lousas! Hoxe é feira! E alí hai unha ledicia que estes nin cheiran!

Déixase levar, collida do brazo. Un mundo de aldeáns latexa e descansa ao pé dos carballos. Hai capas de palla, e boas xugadas levadas con calma fachenda...



Ovidio Murguía de Castro: *Feira de Santa Susana*.

ROSALÍA

Escoita a nosa fala... É coma se abrollase das furnas do peito da nosa xente. Hai linguas que son vento aproveitado e disciplinado: a nosa non, a nosa é un chover con sol. As palabras cínguense unhas noutras, como as voces dun río...

Ao lonxe, ben envolveitos nas capas, miúdos, cos altos sombreiros, enloitados, cruzan preto da feira dous amigos. Rosalía coñéceos. Eles non a poden descubrir. Son Aguirre e Pondal e talvez Murguía. Van calados.

ROSALÍA

Alá van... Velos?

SEÑORA MARÍA

Vexo. Nin miran para a xente... e non sei que lles poden dicir ás pedras...

ROSALÍA

Sei dos seus falares, case dos seus pensamentos. Aurelio ensoña no mar, e quizais nos roteiros e o acedume do morrer...

SEÑORA MARÍA

Non é de estrañar. Só a el se lle ocorre, procurar o su amor no lixo.

ROSALÍA

El só quixo redimir a unha muller coa súa alma de artista...

SEÑORA MARÍA

Era unha perdida. Non se pode botar o fedorento cheiro do pecado só coa poesía.

E vostede anda a cismar no mesmo, pero con todo un pobo. Está tola!

ROSALÍA

E por que non? Pensas que non serei digna?

SEÑORA MARÍA

Eu non penso nada, digo o primeiro que se me vén á cabeza. Veña! Lisquemos!

Acabo de ver entrar na carballeira ao besta de don Álvaro Anido!

Determinadas, gurrando coa xente, furan por entre as vacas pousonas, as pulpeiras gobernantas, as bestas de pronto xenio, os tendeiros, os cegos e as súas voces de longos e despaciosos ecoares e, co semblante aínda transposto, chegan ao adral verdecente de Santa Susana, recanto e illa de paz no balbordar en tempos de feira.



IGREXA DE SANTA MARÍA SALOMÉ
RÚA NOVA, SANTIAGO DE COMPOSTELA

O mesmo día, entre 1850 e 1854

Despois dunha mañá na feira, un airiño de covas derrubou a súa fortaleza. Rosalía axeonlla ao pé da Virxe da Soidade.



ROSALÍA⁹

Santísima Virxe da Soidade, ¿e non terá a noite para min un amparo? Veño onda ti porque sei que endexamais hei ser amada. Que medra algo entre os mozos do meu tempo e eu, e non se o que... Serán eles devotos dunha clareza que eu non teño? Non o creo. Hai outra cousa. Non me atrevo a pensar cal é, pero está aquí... Por tras e arredor. Por todas partes. Soamente nos teus pés me axeonllo, e soamente a ti che pido pola miña nai... e por min mesma. Son ruín, e avarenta, e mala... Ás veces mesmo teño desprezo da miña propia carne e penso... ¡Ai, canto mellor... ter morto de neniña...! Nestora, trocaría toda a gloria do mundo por un mangado de terra riba do meu corpo canso! Pero levo unha luz en min, que ben sabe Deus que non foi por min acesa. Todo está aquí, no arquivo de ecoares e lembranzas da pedra. Eles veñen a min, traendo as estrofas, o verso... O porbo, orfo e pobre, agarda unha canción. E a súa letra ha ser nada de muller, orfa e pobre tamén.

O seu salouco mestúrase co petar dos pés dun mozo baixo e levián que apenas amolece o ritmo vivo do seu andar no misterio do tempo.

⁹ Soa “Negra sombra”, *Follas Novas* <https://www.youtube.com/watch?v=UGPq0YQeTRM>

VERÁN

1854-1858



Ovidio Murguía de Castro: *Verán*.

V

1854

Compostela: *Rosmunda* no Liceo da Xuventude.



PERSONAXES:

Aurelio Aguirre

Murguía

Neira de Mosquera

Pondal

Ál varo Anido

Rapazas

COMPOSTELA, UN CLAUSTRO

1854, Rosalía ten 17 anos

Nas mesmas horas uns cantos mociños e homes novos xuntábanse no claustro.



AURELIO AGUIRRE

Estamos deixando perder a vendima dos nosos acios entre estes muros de pedra!
Son unha cadea.

MURGUÍA

A beleza pode florecer mellor nas fendas duha parede que nun xardín de Italia, e
o xenio exercítase derrubando muros.

AURELIO AGUIRRE

Aquí só florecen a teoloxía e o medo. Renacen como as hedras. Estamos riba
dun inmenso sepulcro, e ata o chan está sementado de dor, ou do seu finximento.

MANUEL MURGUÍA

Con todo, é un privilexio vivir aquí.

AURELIO AGUIRRE

Será!

NEIRA DE MOSQUERA¹⁰

Non mentres a nosa confraría
poética non teña musa.
Direivos que para compracer a
unhas amigas caín nun
compromiso. É para a
representación de
“Rosmunda”.



AURELIO AGUIRRE

Recorda que a protagonista ha ser bonita e presumida.

NEIRA DE MOSQUERA

Non ha acender loitosas paixóns, nin sanguíñentos desafíos, pero ten no ollar un
lume encuberto... É de Padrón.

MANUEL MURGUÍA

Bo xardín de poetas. Corre présa convidala. Pide tinteiro e escribe, Neira...

Unha cousa bonita, que non sexa romántica de máis, para non asustala.

Muda a luz.

¹⁰ http://gl.wikipedia.org/wiki/Antonio_Neira_de_Mosquera

COMPOSTELA, TEATRO DO LICEO DA XUVENTUDE

1854, Rosalía ten 17 anos



O liceo de San Agostiño. A sala do teatro do Liceo loce brillante. Hai moita xente: a dona de raso e veludo dos pazos da Ulla, a feituquiña compostelá, os estudantes, os mestres, os escritores queimando as súas mocidades, os críticos de queixo desprezativo, os mociños novos chegados dos pazos fondos como fragas... Entre os estudantes, Eduardo Pondal. Ponse nas táboas “Rosmunda” de Gil y Zárate. No teatro só se ergue, trema, ri, salouca, afúndese en silencios a voz de Rosalía. Fai o papel de Rosmunda; é a muller fermosa e desditada: diante dela, o rei Henrique, ben pouca cousa. A obra remata. Mulleres, homes, diante todo o grupo de escritores, estudantes, abouran de entusiasmo na tormenta do pechado aplaudir.



EDUARDO PONDAL

Irá onde queira esta mociña!

AURELIO AGUIRRE

Se ata se tornou fermosa.

MURGUÍA

E coma se o papel nacesse con ela.

PONDAL

Ás veces a súa voz dá medo.

AURELIO AGUIRRE

Como dicides que se chama esa señoritiña de Padrón?

NEIRA DE MOSQUERA

Rosalía...

Chega Rosalía e volven aplaudir todos. É por min?, semellan preguntar os seus ollos. Hai vellos que propoñen levala en trunfo. Ela vai, sinxela dorna, levada na foula rumorosa da xente. A través das rúas alongadas da noite vai a xubilosa procesión da gloria; Rosalía, no medio, como roubada polas mouras capas da mocidade, cheas de vento.

MURGUÍA

Xa teñen musa!

Sae da noite o ollar xeado de Álvaro Anido: está cunhas donas, morea escura de acibeches e brondas inimigas.

ÁLVARO ANIDO

Cedo esqueciches as doces cantigas das veigas e das colleitas... miña amiga. Xa non es aquela tristeira rapariga á que lle tremaban as pernas ao pasar diante dunhas verdadeiras señoritas...

Dirixíndose a eles.

Por máis que a enxalcedes seguirá a levar ás súas costas o cartel da infamia, como un chepudo leva a súa chepa.

Vanse el e as mozas.

PONDAL

Esa lingua é como unha folla de puñal.

MURGUÍA

Eles son o inimigo, o verme rillador da rosa.

AURELIO AGUIRRE

O coitelo na esquina do camiño da dita. Quixera non ter sabido del.

ROSALÍA

E eu non ter saído da aldea. Afastade as flores e esquecédevos de min. Fun unha ilusión apenas. Voume.

VI

1857

Madrid



PERSONAXES:

Rosalía, 20 anos.

Sra. María

Parente de Rosalía

Un mozo

Un exclaustro

O mozo dos anteollos

Bécquer

Murguía

O home calado

MADRID, RÚA DA BALLESTA, Nº 13

1857 (Rosalía ten 20 anos)

Madrid, 1857. Rosalía, ben compostiña, case fermosa, deixa translucir nos ollos a crise da primeira longa viaxe. Está nun pequeno cuarto da rúa do Barco¹¹, na casa dunhas parentes. Soben da rúa, laiantes, irónicos, como de paxaros nocturnos, os berros dos trapeiros.

ROSALÍA

Madrid... Cantos días levo xa aquí? Tres? Cinco?

SRA. MARÍA

Levas algún máis, miña nena. Chegamos en abril, o ano pasado.

UNHA PARENTE

Rosalía, ven, preguntan por ti. Xa te podes dar pisto! Unha señoritiña da aldea recibindo visitas en Madrid...

ROSALÍA

Vou.

A Sra. María vai onda a a mesa na que Rosalía escribía e colle un mangado de papeis.

SEÑORA MARÍA

Unha señoritiña da aldea! E a moita honra! A quen se lle conte! Quen pensarán ser estas...? Criarse na aldea non lle impediu escribir versos que elas nin saberían ler.

Volve Rosalía. A Sra. María ordena os papeis dunha mesiña. Colle un feixe de papeis que hai riba da mesa:

¹¹ https://maps.google.es/maps?hl=es&gs_rn=11&gs_ri=psy-ab&tok=-povKDNZgKITUeFCTakK8w&pq=santa+mar%C3%ADa+de+salom%C3%A9+santiago&cp=19&gs_id=4h&xhr=t&q=calle+del+barco+madrid&bav=on_2,or_r_cp_r_qf.&biw=1024&bih=539&wrapid=tljp1367137419346232&um=1&ie=UTF-8&sa=N&tab=wl

SEÑORA MARÍA

Remataches isto?

ROSALÍA

Rematei. (*Mete aqueles papeis nun sobre*). Alá vai *La Flor* á imprenta! A miña tarxeta de presentación literaria en Madrid.



SEÑORA MARÍA

Acabouse o medo!

ROSALÍA

Non. Empeza agora. Pobre de min... hei ser unha “literata”, a remolque de Zorrilla, de Heine... Casarei cun funcionario de manguitos, e vivirei tremendo por medo á pantasma da cesantía¹².

SEÑORA MARÍA

Algúns din que serás actriz.

¹² Galdós: *Miau* (1888).

ROSALÍA

O que quere dicir que, con sorte, non me han faltar nin un ramallo de flores nin farrapos doutros que poñer.

SEÑORA MARÍA

E non hai queixa! Menos tivemos outras!

Escurece sobre as dúas.

MADRID, UN CAFÉ, 1857¹³



No recanto dun pequeno café, Murguía, cativo de corpo pero faiscante de espírito, quere escribir e non pode. O café vaise poboando pouco a pouco; acéndense os quinqués de petróleo, e todo se vai afundindo na intimidade da noite. As xentes das mesas –o amigo dos anteollos clásicos, o amigo mozo e o exclaustro sabio, o home calado- latrican sen concerto.

¹³ Para unha visión realista do Madrid do século XIX, véxase a obra de Galdós (escritas despois de 1875). Os cafés madrileños aparecen representados tamén na obra *Sangre en la calle del Turco* (Calvo Poyato), ambientada en Madrid tras os sucesos de 1868.

UN MOZO

Algúns non lle perdoamos a Espronceda non facer estoupar de medo o vello golpe da Ilustración, acendendo unha fosfórica luz...

O EXCLAUSTRADO

Mociño, vin lucir mloitas luces fosfóricas, e todas se esvaeían diante da chama dun cirio, ou...

O MOZO DOS ANTEOLLOS

Mirade! Aí vén unha desas luces! Don Gustavo Adolfo Bécquer¹⁴!

Entra un “pollo”, lucindo unha engaiolante mestura de inocencia e desengano e senta fatigado na mesa de Murguía. El acólleo con recoñecemento e tenrura.

BÉCQUER

Escribiades algo, amigo Manuel?



¹⁴ https://gl.wikipedia.org/wiki/Gustavo_Adolfo_B%C3%A9cquer

MURGUÍA

Ben quixera.

BÉCQUER

O que?

MURGUÍA

Unha novela. Pero este áspero Madrid só me permite pensar no diñeiro.

BÉCQUER

E en Compostela.

MURGUÍA

E en Compostela. Agora mesmo pensaba en que sombras graves e tensas estarían a caer sobre ela. E en como estarán a soar as ondas nas praias da Lanzada. Ou en que hoxe houbo mercado na carballeira de Santa Susana: non podo esquecer aqueles perfís de petrucio, aquel foulear de panos de mulleres... Son os meus irmáns, Gustavo... Os que souberon gardar o ouro da lingua.

BÉCQUER

Que diferentes somos! Eu son do sur... e déixome atraer polo engado do norte.

MURGUÍA

E iso que os escritores de Madrid e do sur apenas nos coñecedes...

BÉCQUER

As sonadas néboas norteñas... Esa teima pide rematar en poema, e non en novela.

O MOZO DOS ANTEOLLOS

... Falabamos, querido Gustavo Adolfo, de se serías amigo da boa tradición ou revolucionario... O espírito do século...

O HOME CALADO

Que espírito nin que centellas! Fallan as Musas... Van madurecendo de máis as poucas consagradas, e no val da poesía son precisas novas e puras criaturas...

MURGUÍA

Unha hai! Leva no peito un ramo de sinxelas flores. Oíde...

*Con man turbia manexa un folleto. Todos calan. Os quinqués arden máis serenos.
Bécquer, namentras, debuxa nas mesas un voar de bruxas mancándose nos finos
pináculos dunha igrexa gótica ou pensa no reflexo dalgunha estrela no Douro soriano.*

MURGUÍA

Son os versos dunha mociña do meu país. Unha estrela nova na noite: non terá nin vinte anos.

Vai lendo, aos poucos...

...

*Cuando miré de soledad vestida
La senda que el destino me trazó...*

...

¡Ay, la risa sardónica encontraba

...

*Y aquel eco sin voz era un aliento,
Un respiro vital de aquellas flores
Que extendían su aroma por el viento*

...

O MOZO DOS ANTEOLLOS

Si, hai sentimento.

O EXCLAUSTRADO

Non, se como estar non poden estar mellor os versos, mais... o vento da capa de Espronceda ao pasar rebuliu moitas cousas...

O MOZO DOS ANTEOLLOS

Desde entón todos somos clásicos...

O HOME CALADO

É linda...? Non! Ha ser fea, e inaturable, coma todas as poetas...

BÉCQUER

Tamén Safo...? (*Calan todos. A Murguía*) Cando a podo coñecer?

MURGUÍA

Cando queiras.

Escurece.

MADRID, PASEO DO PRADO, 1857

Uns días despois



Rosalía, cansa, vai polo Prado; vai coa Sra. María. As rúas van mestas de xente e de berros. Rosalía non se decata de que Murguía, o amigo apenas coñecido, apenas lembrado entre as sombras lonxanas e amadas de Compostela, chega á par dela. Vén con el Gustavo Adolfo Bécquer.

MURGUÍA

Ese enxergar as nubes semella reflectir unha arelanza de gloria. Ama vostede as nubes?

ROSALÍA

Son as mesmas aquí ca en Compostela ou na Coruña...

BÉCQUER

Séntese desterrada, non si? Tamén nós...

MURGUÍA

Permítame que lle presente ao meu querido e admirado amigo, don Gustavo Adolfo Bécquer.

ROSALÍA

É unha honra...

BÉCQUER

Por Deus, señora, a honra é miña... Ardía en desexos de a coñecer...

ROSALÍA

Ben cravuñado en min ha estar o sentimento do desterro, cando sen falas...

MURGUÍA

Falan as mans cansas, e ese sufrir nos ollos...

BÉCQUER

E nin as mans nin os ollos enganar. É coma se unha corda se crebase na lira da dúa alma.

ROSALÍA

O amor é doloroso.

BÉCQUER

Haino que non.

ROSALÍA

Se o hai non está para min gardado.

MURGUÍA

Nunca se sabe. Dáanos licenza para lle dicir de ti?

ROSALÍA

Como os rapaces ou os namorados?

BÉCQUER

Como os rapaces ou os namorados.

ROSALÍA

Dou.

Volven xuntos polas rúas. Por riba vai aniñando en invisible ponla de luz a ave dunha escura nube.

VII

1858

Madrid, un ano despois.

PERSONAXES:

Rosalía, 21 anos.

Murguía

De novo, os que están no café.

MADRID, outubro de 1858 (Rosalía, 21 anos)

UN CAFÉ, NAS RÚAS VECIÑAS Á PORTA DO SOL

Murguía e Rosalía pasan diante do café. Teñen algo que anunciar.

MURGUÍA

Casamos o día 10. Na Igrexa de San Ildefonso.

ALGUÉN

Vivan os noivos!

TODOS

Vivan!

*Saen Rosalía e Murguía. No recanto do mesmo café de antes están os de sempre.
Gustavo Adolfo Bécquer obsérvaos ao lonxe.*

O EXCLAUSTRADO

Non teñen un can.

O MOZO

E dificilmente as súas ambicións han ter cumprimento aquí en Madrid. Pouco han demorar na capital...

Murguía e Rosalía van paseando polas rúas.

MURGUÍA (falando con Rosalía)

Neste barrio asombraba rúas e prazas o bulto disforme do meirande mosteiro de monxes bieitos en Madrid. Nunha das celas estudou o Padre Sarmiento. Se eu chegase a coller ben o seu camiño!

ROSALÍA (a Murguía)

Sendo un nena, un crego moi sabido falaba en Arretén do Padre Sarmiento.

Dicía que el soubera escoitar e coller coma ninguén os ritmos das cántigas dos labregos e dos mariñeiros.

MURGUÍA

E así foi.

ROSALÍA


Manuel, di, ¿cando podemos saír para a Terra? Teño frío...

MANUEL

Non chores. Non es unha muller coma as outras. (*Bicándoa*)

ELIPSE TEMPORAL (10 anos, entre 1858 e 1868).

Neste tempo, en 1863 publica:



OUTONO

1868-1871



Ovidio Murguía de Castro de Castro: *Outono*.

VIII

10 anos despois

Polos camiños de Castela (un día calquera entre 1868 e 1870).



PERSONAXES:

Rosalía, 31 anos.

Murguía.

Un home.

10 ANOS DESPOIS...

Rosalía ten máis de 30 anos. Xa hai cinco que publicou os seus Cantares Gallegos (1863). Cun destino no corpo de Arquivos, entre 1868 e 1870 andaron Rosalía e Murguía aos tumbos polos camiños: en Castela, Madrid, Simancas... Ela case aqueloutrada, escribindo os versos que serían anos despois as súas Follas Novas⁴. Rosalía vai co seu home estrada adiante. Polo camiño adianta un home. Rexo, canso, cargado. Dá as boas noites. No acento cantigan regueiros das verdes montañas galegas.

O HOME

Boas noites.

MURGUÍA

Boas noites, meu amigo. Vai para a terra? Somos paisanos.

O HOME

Eu xa non teño paisanos, nin máis terra que a dun buraco no cemiterio.

ROSALÍA

Quere descansar un pouco e cear connosco na pousada?

O HOME

Non estou afeito a eses mimos. Teño que obedecer a lei do camiño; o camiño manda...

Vou ao meu fogar por este camiño, pero deixo atrás a cova do meu fillo...

Namentras ando, o meu corazón está a un lado e máis ao outro...

ROSALÍA

Era novo?

O HOME

Dezaioito anos polo San Xoán.

ROSALÍA

Como foi?

O HOME

Veu cos segadores. Para xuntar para casar. Pero non era para estes soles.
Comeuno a febre e alí quedou, nun cemiterio. Pero hei voltar por el, heino levar
en presadas de terra, xunto do meu corazón, por este camiño que vai e vén. E ha
voltar á casa, á terra que o viu nacer.

*Sen outras falas, o home alanca co seu paso longo. A noite péchase sobre el. Murguía e
Rosalía senten ao seu redor medrar a soidade como unha podente e triste marea.
Teñen frío. Un frío de desterro¹⁵.*

ROSALÍA

Pondal sobe nas augas do tempo; Aguirre bebeu a morte dun grolo... E Antolín
Faraldo... meu pobre. Prométeme que non morreremos aquí, Manuel. Que
morreremos na casa.

MURGUÍA

Prométocho!

Escurece. Na alma de Rosalía chove mainamente¹⁶.

¹⁵ “Castellanos de Castilla”, *Cantares Gallegos* (1863).

¹⁶ Simancas (Valladolid), 1868.

IX

1871

De novo en Galicia.

Personaxes:

Varias damas: dama vella, dama moza, dama fraca, dama grosa

Rosalía, 34 anos

Murguía

Un veciño

Sra. María

Sombra

Tendeiro

Prestamista

Caseiro

Costureira

Solteira serodia

Ollos dos mortos

COMPOSTELA

Contra 1871 (Rosalía cumpriu 34 anos)

Agora Compostela é un mar de donas. De entre as sombras, xorden un grupo de damas.

Ovidio Murguía de Castro: *Retrato de dama.*

A DAMA VELLA

Que vento trouxo aquí a esta tola?

A DAMA MOZA

Pobre! Desacreditanos a todas.

A DAMA FRACA

É como a man afeita ao rabo do sacho:
engurrada, ferinte...

A DAMA GROSA

Ou queixumosa como as cántigas do pobo.

A DAMA VELLA

Queixarse de ser pobre... A quen se lle conte!

A DAMA MOZA

Non lle abundaba con ser filla de crego, non, que vai, e casa con ese monifate...

A DAMA FRACA

E agora ademais facendo coplas para cegos...

A DAMA GROSA

Por que non había de morrer no berce?

Chegan Rosalía e Murguía e evapóranse todas.



ROSALÍA

Mesmo as pedras e as pantasma teñen vergoña de nós!

MURGUÍA

Xa estamos en Compostela, como querías! De que te queixas agora?

ROSALÍA

(Saíndo) Vou deitar os nenos.

MURGUÍA

Pois eu vou saír...

Sae Murguía. Un veciño saúdao.

O VECIÑO

Boas noites, don Manuel! Vostede, coma sempre, non? Hai que velo, baixo o chover, espreitando o Obradoiro! Cando non está esculcando nas escrituras vellas...

Murguía nin contesta. A noite medra no chover. Na casa, esmorece o braseiro.

COMPOSTELA, NA CASA

O mesmo día

Rosalía agarda polo seu home. Mentres o fai conta os poucos reais que lles quedan. Son tantas as necesidades: o xantar, as medicinas, o aluguer, o vestido... Achégase a Sra. María.

17

SEÑORA MARÍA

Outra noite soa, non?

ROSALÍA

Si. Manuel non poderá vir ata tarde...

SEÑORA MARÍA (Con sorna)

Hallo impedir o seu taballo...

ROSALÍA

Os nosos mundos non se inxiren, Sra. María, van por camiños afastados... O meu é un mundo inocente, rexido por regras arbitrarias. O del é o mundo das loitas da historia...

SEÑORA MARÍA

Non se consola quen non quere, miña xoia. Durma, ande, durma, que a noite anúnciase longa.

Rosalía queda durmida arroupada pola criada. A luz da vela, bailando ao mandado dalgunha leviá corrente de aire, imaxina sombras burleiras e trsites na parede.

SOMBRA



¹⁷ Ovidio Murguía de Castro: *Retrato de Gala Murguía*.

Durme, Rosalía, durme. A noite de Compostela poboouse de sombras nesta noite de incerteza. É mellor que non as vexas...

Achéganse a ela un tendeiro, un prestamista e un caseiro.

O TENDEIRO

Apunteino todo. E, segundo fala este papel, debédesme o azucre dun mes, catro libras de chocolate e outros tantos litros de aceite. É moito deber...

O PRESTAMISTA

Eu en realidade veño a lle facer un favor; veño a lle recordar, pois o seu home anda sempre nos biosbardos, que mañá ás doce vence o préstamo...

O CASEIRO

Son xa catro meses de renda, señora... Para min sería moi doloroso, pero...

Rosalía esperta por uns momentos e as sombras esvaeecen.

ROSALÍA

Que foi iso?

SEÑORA MARÍA

Que foi o que?

ROSALÍA

Non sei. Era coma se viñesen levarnos o pouco que temos.

SEÑORA MARÍA

Non era ninguén, miña xoia, durma, ande, durma.

Volven durmir, unha e outra.

SOMBRA 1

Ten unha miga de paciencia, miña nena. Quizais sexan precisos o teu sufrir e todas esas aldraxes coma coitelos para que Galicia se vaia facendo.

SOMBRA 2

Non cales. Nunca. Se ti calas é coma se quedásemos sen voz.

SOMBRA 1

Escoita.

Escóitase coma un susurro o cantigar dunhas mozas.

Has de cantar

Qíue che he de dar zonchos

Has de cantar

Que che he de dar moitos...

SOMBRA 2

Oíches? É o canto do pobo, que agasalla a illa do teu soño.

SOMBRA 1

Durme, Rosalía, durme... Aínda non se oen as pisadas lonxanas da mañá...

Pasa unha mociña. É xentil, quizais unha miga presumidiña de máis para a gravidade antiga da aldea.

A COSTUREIRA BAILADORA

Non quero mancar as mans no rabo do sacho, nin lixalas na cociña, quero ser costureiriña:

*Mans de señora,
mans fidalgueiras
teñen todiñas
as costureiras;
boca de reina
corpo de dama,
cómprelle a seda,
foxen da lama¹⁸.*

¹⁸ “Miña santiña, miña santasa...”, *Cantares Gallegos* (1863).

E baila, e vese a sombra danzante na area. E agora unha solteira serodia, toda lavada na fonte...

A SOLTEIRA SERODIA

*San Antonio bendito,
dádeme un home,
anque me mate,
anque me esfole¹⁹.*

E de seguida, saíndo das mouras corredoiras da noite, chega un home. Vai para as Américas. Vai camiñando con outros, tamén calados, para o porto.

*Adiós, ríos; adiós, fontes
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista dos meus ollos:
non sei cando nos veremos²⁰.*

SOMBRA 1

Oíches? É a vella e sinxela sabedoría do pobo.

SOMBRA 2

Canta, Rosalía, canta aos que, malia todo, cantan. Dentro de ti canta un pobo enteiro.

ROSALÍA (*Acordando sobresaltada*).

Que hora é?

¹⁹ “San Antonio bendito”, *Cantares Gallegos*.

²⁰ “Adiós ríos, adiós fontes...”, *Cantares Gallegos*.

SEÑORA MARÍA

Tarde.

A cantiga vai esvaendo...

ROSALÍA

Veu Manuel?

SEÑORA MARÍA

Non.

ROSALÍA

De onde nacerá a muiñeira? Será do mar?

SEÑORA MARÍA

Será. Sempre foi un vello gaiteiro.

ROSALÍA

Uns van polo mundo gabándose de ser semente da historia e outros ignoran que son os inventores dos aires da poesía, os fillos do Orfeo do occidente...

Volve Murguía.

ROSALÍA

Non preguntas polos nenos?

MURGUÍA

Han estar ben, estando contigo.

ROSALÍA

Vou durmir.

MURGUÍA

Vai. O durmir dos poetas é santo coma o dos nenos. E Galicia precisa de historia, pero máis da revelación poética.

SEÑORA MARÍA (rosmando polo baixo)

E a casa sen lume...

Escurece sobre Murguía.

A CORUÑA, ENSEADA DE SAN AMARO

1871



Ovidio Murguía de Castro: *Tormenta no mar*.

1871, na Coruña. Cabo do mar e no medio dunha treboada. Rosalía, enloitada, camiña polas murallas da cidade. Vai con ela a señora María.

SEÑORA MARÍA (*Chamando por ela*)

Dona Rosalía! Dona Rosalía! Mire, é aquí. Esta é a enseada traidora onde afogou don Aurelio. Cantos anos hai? Déixeme facer contas... Trece, hai trece anos, foi no ano 58. Meu pobre, tirarse ao mar con 25 anos... Foi en xullo, recorda? Tres meses antes de casar vostede...

(*Rosalía comeza a tremer*²¹).

Dona Rosalía, ten frío?

ROSALÍA

Teño.

²¹ “Mar, coas túas augas sin fondo...”, *Follas Novas*.

SEÑORA MARÍA

Consólese mirando como se acenden os faros na soleira da noite. Outro día, se quere, iremos mirar os cabos. Ao pé de Torre de Hércules, no mar, ás veces, locen ollos de afogados.

ROSALÍA

E non lles tes medo?

SEÑORA MARÍA

Pobriños! E que mal habían facerme?

ROSALÍA

Viches algunha vez os del? Os de Aurelio?

SEÑORA MARÍA

Vin.

ROSALÍA

E como eran? Tristes, feros?

SEÑORA MARÍA

Peor, burleiros...

Levadas polo vento, vanse. Escurece.

Improvisación

*La mujer en el mundo no es dichosa
Por más que con falaz hipocresía,
"Adulando su joven fantasía"
La mire el mundo y la proclame hermosa.*

*Lo será si modesta y virtuosa
Al templo del saber sus pasos guía,
Y ceñida la sien ostenta un día
Con la diadema de laurel honrosa.*

*La hermosura no es más que una quimera.
¡Página en blanco de la humana historia!
Sigue con fe del arte la lumbrera,*

*Que es muy grato dejar memoria
Que acredite a la gente venidera,
Intachable virtud, mérito y gloria.*

Aurelio Aguirre, 1857.



CEMITERIO DE ADINA, PADRÓN

Un día despois

Medra a sombra dun cento de campás e de cruces. É o cemiterio de Adina. A Sra. María e Rosalía.



SEÑORA MARÍA

Onte no areal onde afogou don Aurelio Aguirre e hoxe no cemiterio de Adina.
Tanto lle chama a morte, miña señora?

ROSALÍA

Meu amor vai sempre cinguido á miña dor²².

SEÑORA MARÍA

Xa! Pero que demo vimos facer aquí destas horas?

ROSALÍA

Procurar a amizade deste sufrido xardín. El ha ser quen coide do meu soño.

SEÑORA MARÍA

²² “Unha vez tiven un cravo...”, *Follas Novas*.

Pero non ha ser hoxe, digo eu. Ou tanto lle tarda? E este cemiterio e vostede quérense desde nenos. Lisquemos, ande, que se bota a noite enriba.

ROSALÍA

Estase ben aquí.

OS OLLOS DOS MORTOS.

Estamos ben os mortos e os que coma vostede non veñen chorar a ninguén. Pero mire aquela viúva... non atopa consolo.

Unha viúva chora a carón dunha tumba.

A VIÚVA

Era tan bo... Non paraba na taberna. Se acaso, daba unhas falas, porque era moi faladeiro, e demoraba un pouco, un pouquiño nada máis. Viña onda min de contado...

UNHA MULLER

O meu pasamento tivo lugar unha noite coma esta. Figurei morrer con alegría, pero non foi así. Non o é nunca.

ROSALÍA

Por que vindes a min? Quixera estar soa. Nin dona vou ser da miña propia soidade?

VOCES

Ai, toliña! Es tan dona que levas soa toda a vida. E soa segues.

ROSALÍA

Quen sodes?

OS OLLOS DOS MORTOS

Os ollos dos mortos. Un e moitos, tantos como nesta bendita terra repousan.

Rosalía

Teño estado aquí outras veces e nunca vos vin.

OS OLLOS DOS MORTOS

Que a trae por aquí? Busca o amparo dos mortos quen en ninguén máis atopa acougo?

ROSALÍA

Non. Sei que logo hei morrer, e quixera que cando tal aconteza, este cemiterio teña para os que aínda me aman un laio amigo na voz dos seus paxaros, unha lembranza no brillar das súas oliveiras.

OS OLLOS DOS MORTOS

Non teña medo. Os cemiterios somos escola da eternidade. E nesta Galicia, cangada de foros e serventías, se alguén garda da liberdade somos nós. O porto derradeiro dos corpos cansos. Os cemiterios non pagamos nin pagaremos endexamais foro ao señor, mosteiro, rei... e menos este de Adina. Así que, aínda que poida amolar aos que tantos maldicires levan botado por riba do seu lombo, Rosalía, non hei ser eu quen lle negue o agarimo do que sei é merecente. Sente, é hora²³.


Ofrécelle cariñoso a campá na que senta. Escurece.

²³ “Padrón!... Padrón!”, *Follas Novas*. O cemiterio de Adina.

“Campanas de Bastabales”, *Cantares Gallegos* <https://www.youtube.com/watch?v=E9vn8nEdI3g>

ELIPSE TEMPORAL (14 anos, entre 1871 e 1885).

Neste tempo, en 1880, publica:



INVERNO

1885



Ovidio Murguía de Castro de Castro: *Inverno*.

X

1885

14 anos despois...

Pano



Rosalía de Castro, pintada por Brocos (1880/82)

PERSONAXES:

Rosalía, 48 anos.

Sombras.

Murguía.

Álvaro Anido.

Enfermas do Hospital Real.

CASA DA MATANZA, PADRÓN, 1885²⁴

1885, 14 anos despois: Rosalía ten 48 anos.



Na casa de Rosalía, Murguía, ao pé da cama, cóllete as mans, e unha friaxe percórreo de arriba a abaixo. Rosalía vaise.

UNHA SOMBRA

Como está?

OUTRA

Mal.


ROSALÍA

Sabes, Manuel? Moitas veces teño acariñado o soño de ser salvada de morrer por don Álvaro Anido. Pero tarda en chegar o seu cabalo.

MURGUÍA

Don Álvaro Anido morreu hai anos, ben o sabes.

²⁴ <http://rosaliadecastro.org/>



Ovidio Murguía de Castro: *Retrato de Manuel Murguía*.

ROSALÍA

E pensas que, de o querer, había ser ese impedimento para el salvarme?

MURGUÍA

Non. Xa sei que non. Agora descansa, anda.

ROSALÍA

Hei descansar en canto todo isto remate. Como che vai co traballo?

MURGUÍA

E como me ha ir? Matinei unha catedral, e apenas poderei alicerzar unha ermidiña...

ROSALÍA

Eu non podo axudarte. Quéimanseme os ollos nas letras antigas.

MURGUÍA

O teu mundo é outro, está preto de ti... o meu precisa de enormes traballos para ter forma, para terse de pé, como as torres dunha igrexa...

Soben persoas. Recoñece, entre as sombras, moitas lonxanas presenza...

UNHA SOMBRA

Non nos deixes. Que imos ser se ti nos deixas?

OUTRA SOMBRA

Déixasnos na orfandade... E non podes... Hai entre nós sombras de mortos e sombras de ilusións... Por ti non temos morto aínda por enteiro.

ROSALÍA

Veu con vós don Álvaro Anido? Sentino galopar ao lonxe...

ÁLVARO ANIDO

E non había de vir?

ROSALÍA

Vén salvarme de morrer? Estou cansa. Non o faga.


ÁLVARO ANIDO

Sería para min unha grande honra, pero non podería aínda que o quixera. A da morte é unha finca sobre a que non teño máis señorío que o de a precipitar. Se é iso o que queredes...

ROSALÍA

É.

Tira o capote e cóbrea con el. Rosalía morre.



Retrato de Rosalía morta, Ovidio Murguía de Castro.




Escritorio de
Rosalía de Castro.
Un dos poucos
mobles da escritura
que se conserva.

Escritorio de Rosalía de Castro.

HOSPITAL REAL, PRAZA DO OBRADOIRO, SANTIAGO

E alí, no grande hospital, no laborado pazo dos pobres, foi onde se tivo por infinito o número de salaiantes no pranto por Rosalía.



ENFERMA 1

Ela non debía morrer.

ENFERMA 2

O que debeu foi ternos deixado antes. Non eramos merecentes dela.

ENFERMA 1

E nin sequera terá nesta hora repouso. Non han tardar en chegar os que máis a aldraxaron e ofenderon a lle facer carantoñas piadosas. Que noxo!

ENFERMA 2

Quen falará por nós de hoxe en diante? Mentres ela durou, eramos xente. Hoxe, calada a nosa voz, ficamos orfos...

ENFERMA 1

Era pobre... máis pobre que a maior parte de nós. Pero amparábanos a todos.
Tiña un poder que só os escollidos teñen. Sabía dicir o que, escuramente,
pensaba todo un pobo.

ENFERMA 2

A xente así non morre nunca. Non pode. Nace a cada pouco, como nace nos
homes e mulleres de ben a dor e esperanza de Galicia. Antonte escoitei na
Quintana un fato de estudantes noviños. Puñan caras serias mentres ían dicindo
uns versos moi tristes. Collín ben o principio:

*Cruceiro de Ramires, que te ergues solitario
dos agros na expranada, entre as Rosas de Campos
o sol da tarde pousa en ti o postreiro raio²⁵*

...

ENFERMA 1

Son dela!

TODAS

Son.

ENFERMA 2

Hoxe, ao vir cara aquí, sentín cantar mulleres... e quedoume un anaco do seu
cantar...

*Sen ela vivir non podo
non podo vivir contenta
que a donde queira que vaia
cóbreme unha sombra espesa²⁶.*

Coñecedes eses versos?

²⁵ <http://www.galiciahoxe.com/opinion/gh/cruceiro-ramirez/idNoticia-262317/>

²⁶ “Airiños, airiños, aires / airiños da miña terra...”, *Cantares Gallegos*.

TODAS

Coñecemos!

ENFERMA 1

Son dela!

TODOS

Son nosos!

ENFERMA 2

Vedes? Non... Ela non morreu. Os seus versos camiñan sós. Grazas a eles
seremos algo no mundo.

*Cantan todos*²⁷

*Vaite noi-
te—Vai fuxin-
do—Vente auro-
ra—Vente abrin-
do—Co teu ros-
tro—Que sorrin-
do—A sombra espanta!!!*

*Canta!...
Paxariño can-
ta—De ponliña en pón-
la—Que o sol se levan-
ta—Polo monte ver-
de—Polo verde mon-
te—Alegrando as her-
bas—Alegrando as fon-
tes!...*

Canta, paxariño alegre,

²⁷ “Alborada”, *Cantares Gallegos*.

Canta!
Canta porque o millo medre,
Canta!
Canta porque a luz te escoite
Canta!
Canta que fuxeu a noite.

Vaite noite
vai fuxindo.
Vent'e aurora
vente abrindo
co teu rostro
que sorrindo
a sombra espanta!

Canta...
paxariño canta
de ponliña en ponla
que o sol se levanta
polo monte verde
polo verde monte
alegrando as herbas
alegrando as fontes!

Canta, paxariño alegre,
canta!
Canta porque o millo medre,
canta!
Canta porque a luz te escoite,
canta!
Canta que fuxiu a noite.

Escurece e cae o pano.

Eu cantar, cantar, cantei,
a grasia non era moita,
que nunca, (delo me pesa)
fun eu meniña grasirosa..
(...)
mas donde a grasia me falta
o sentimento me sobra.

Anque este tampouco abasta
para explicar certas cousas,
que ás veces por fora un canta
mentras que por dentro un chora.

Non me expliquei cal quixera
pois son de espricansa pouca;
se grasia en cantar non teño
o amor da patria me afoga.

Eu cantar, cantar, cantei,
A grasia non era moita,
¡Mais que faser desdichada
se non nacín máis grasirosa!

*Do mar pola orela
mirei na pasar,
na frente unha estrela,
no bico un cantar.
É vinda tan sola
na noite sen fin,
que inda recei pola probe da tola
eu, ¡que non teño quen rece por min!*



*Á musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos,
comesta se veu. . .
Os ósos son dela
que vades gardar.
¡Ai dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai dos que levan no bico un cantar!*



Turros

Non convén chorar máis.
Ela chorou por todos e para sempre.
Calemos...
Eu véxote así:
crespós nas estrelas,
ollos abertos de nenos mortos cravados nas salas do pazo²⁸
(...)

Pimentel: *Sombra do aire na herba*.

Ovidio Murguía de Castro, pintor:

<http://pintura.aut.org/SearchAutor?AutNum=13867>

<https://www.youtube.com/watch?v=6p-H82NIVl0>

<https://www.youtube.com/watch?v=ETNE2tPYUDs>



Agradecemento ao IES BREAMO (polas imaxes tiradas da súa fotogalería:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesbreamo/galeria/displayimage.php?album=59&pos=0>

RUTA ROSALÍA?

28

http://bvg.udc.es/indice_paxinas.jsp?id_obra=Sodoaina1&id_edicion=Sodoaina1002&cabecera=%3Ca+href%3D%22ficha_obra.jsp%3Fid%3DSodoaina1%26alias%3DLu%25EDs%2BPimentel%22+class%3D%22nombreObraPaxina%22%3ESombra+do+aire+na+herba%3C%2Fa%3E&alias=Lu%EDs+Pimentel&formato=texto
